O Título do Máster en avogacía vense desenvolvendo con total normalidade segundo a memoria verificada e os contidos das guías docentes de cada materia sen que se produciran incidencias de consideración, o que permite a correcta adquisición das competencias e resultados do aprendizaxe por parte do estudantado.

Cconsiderase relevante por de manifesto que o porcentaxe de ocupación real das prazas ofertadas no curso 2017/2018 por alumnado de novo ingreso procedente do proceso de prescrición foi do 84.62% o que supón un lixeiro incremento de demanda respecto do curso anterior (78%). Así no curso 2017/2018 o número total de matriculados entre o Campus de Vigo e o de Pontevedra foi de 55 estudantes (51 no curso 2016/2017) dos cales 53 proceden do Grado en Dereito e os 3 restantes da Licenciatura en Dereito. Estes datos son, en todo caso, moi ven valorado dende a dirección do Título tendo en conta que na actualidade a oferta de prazas en títulos de Máster en Avogacía é moi ampla no sistema universitario galego.

Por outra banda, dos criterios de valoración que se analizan neste informe os resultados aparentemente máis preocupantes son os relativos ao grao de satisfacción dos estudantes coa planificación e desenvolvemento do ensino. Neste ítem a puntuación do alumnado (2.78) é francamente mellorable xa que non se acada o valor mínimo de 3 sobre 5. Pola contra, os datos nos indican que as persoas tituladas tiveron unha percepción máis positiva da organización e desenvolvemento do ensino xa que no Máster en Avogacía- Pontevedra a valoración deste apartado acadou a puntuación de 4 e no Máster en Avogacía-Vigo de 3.57. Este cambio de parecer permítenos chegar a conclusión de que a medida que avanza o proceso formativo, prodúcese un aumento significativo do grao de satisfacción coa organización e o desenvolvemento do Título.

Puntos débiles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que basea a valoración:

E1: Memoria vixente do título
 E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora
 E3: Perfil de ingreso do alumnado(graio)
 E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico)
 E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade
 E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).
 QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza

Indicadores nos que se basea a valoración:

I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescrición
 I2: No caso de mestrado, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia
 I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...)
 I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros
 I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.
 I01-AC: Nota media de acceso
 I01(2)-AC: Nota mínima de acceso
 I02-AC: Ocupación
 I03-AC: Preferencia
 I03(2)-AC: Adecuación

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de intereses).


Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Toda a información esencial referida ao Título (Denominación, Universidade Coordinadora, Centro de adscrición, Centros onde se imparte o título, número de créditos e duración do título, tipo de ensino, número de prazas de novo ingreso que se ofertan, idiomas en que se imparte o título, condicións de acceso e admisión, competencias, metodoloxía docente, procedementos de acollida e orientación dos estudantes, docencia, profesorado, normativas, prácticas externas, etc.) atópase publicada e está accesible na páxina web tanto do Máster en (Avogacía-Vigo <http://abogaciavigo.webs.uvigo.es/gl/>) como do Máster en Avogacía-(Pontevedra <http://avogaciapontevedra.webs.uvigo.es/gl/>).

A xestión das páxinas web faise consonte cun Plan de información pública, que ten como obxectivo garantir que a información relevante do Máster universitario en avogacía estea dispoñible de forma pública, accesible e actualizada para los distintos grupos de interese y que cumpra con os requisitos establecidos tanto polo propio centro, como polos programas de calidade da Universidade de Vigo e da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario Galego (ACSUG). En concreto, proporcionase información ao estudante, antes de elixir os estudos a cursar e, tamén, cando xa se matriculou no Máster. Tamén se busca a máxima transparencia e mellorar a accesibilidade dos distintos grupos de interese á información sobre o Máster. De feito un dos ítems mellor valorados polos estudantes nas enquisas de satisfacción co título do curso 2017/2018 é, precisamente, a utilidade da información sobre a titulación publicada na web.

Finalmente, faise necesario destacar que a Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, da que depende o título, posúe unha páxina web totalmente actualizada con ligazóns as web do Máster.	
Puntos febles detectados:	Accións de mellora a implantar:
Evidencias nas que se baseou a valoración: E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II) R1- DO0301P1: Plan operativo de información pública QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública	
Indicadores nos que se baseou a valoración: I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.	

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE

<p>Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación. Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.</p>	
<p>Reflexión/comentarios que xustifiquen la valoración:</p>	
 <p>Centro certificado FIDES-AUDIT</p>	<p>A titulación impártese na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo que te dende o 23 de xullo de 2015 (Certificado número 05/15) o Certificado de Implantación do SGIC dacordo coas directrices do Programa FIDES-AUDI, vixente ata xullo do ano 2021.</p> <p>Polo tanto, o SGIC da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo é unha ferramenta estratéxica básica para acadar unha mellora continua das súas titulacións. Previamente, no marco do Programa FIDES-AUDIT, dende o ano 2007 guiouse o Centro na súa labor de integración de todas as actividades relacionadas coa Garantía da Calidade das ensinanzas, en colaboración coa Área de Apoio á Docencia e a Calidade da Universidade de Vigo, deseñaron e aprobaron o SGIC. A Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo conseguiu a Certificación FIDES-AUDIT por parte da ACSUG o 26 de abril de 2010 (Certificado número 49/2010).</p>
<p>No Informe de auditoría externa destácase o alto compromiso do Centro coa Xestión da Calidade e a mellora continua das ensinanzas e o axuste da documentación do SGIC aos criterios e directrices do Programa FIDES-AUDIT.</p>	
<p>Dentro das melloras levadas a cabo. Tamén se levou a cabo destaca un proceso de reestructuración da páxina web do Centro. A web da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo engadindo unha pestana na páxina principal sobre calidade desde a que se pode acceder ao SGIC para ver todas as evidencias (Informe de Revisión do Sistema pola Dirección, Informes de seguimento das titulacións, Plans Anuais de Accións de Mellora, Informes de Coordinación, Informes Anuais do Plan de Acción Titorial, ...).</p>	
<p>Tamén noutra pestana atópanse totalmente visibles os Resultados de Medición coas Taxas Académicas dos cursos académicos 2014/2015; 2015/2016 e 2016/2017. Ademais, tamén se expuxeron todos os datos no taboleiro de anuncios que se atopa na entrada do Decanato en exposición pública e por último, atópase toda a información na web da área de Calidade da Universidade de Vigo.</p>	

O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar as debilidades e propoñer accións de mellora, realizando un seguimento das mesmas. Neste senso, os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e utilízalos na toma de decisións e a mellora da calidade do título desenvóléronse dacordo o establecido.

Neste compromiso de mellora da Calidade compre subliñar a labor desenvolvida pola Comisión de Calidade é pode comprobarse a súa actividade nas actas da Comisión de Calidade dispoñibles na páxina web da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo <http://fccxxt.webs.uvigo.es/es/calidad/comision-de-calidad>

Pódese considerar unha fortaleza a transparencia o mostrar na páxina web da Facultade – convertida en repositorio documental do SGIC- tódolos resultados do traballo da Comisión de Garantía da Calidade e do equipo directivo, e a forma coa que a Comisión de Calidade abordou todas as cuestións que afectan o PDI e o PAS que facilitan a consecución dos obxectivos da mellora continua da Calidade.

En definitiva, pódese afirmar que no Centro existe unha cultura de Calidade consolidada, baseada na preocupación continua pola mellora da calidade, feito que confirma o deseño do SGIC o Manual de Calidade e os Procedementos ligados o SGIC.

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E5: Actas das reunións celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

E10: Documentación do SGC (Política, **obxectivos de calidade**, manual e procedementos)

E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública)

E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade

I5: Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Na páxina web do Máster en avogacía Vigo (<http://abogaciavigo.webs.uvigo.es/gl/docencia/profesorado>) e na do Máster en Avogacía-Pontevedra (<http://avogaciapontevedra.webs.uvigo.es/gl/docencia/profesorado>) atópase a relación de todos os docentes, tanto o PDI propio da Universidade de Vigo como o profesorado externo procedente do Colexio de Avogados, que imparten docencia no Máster.

Uns datos especialmente positivos e destacables do curso 2017/2018 son, dende o noso punto de vista, os relativos ao espectacular aumento da participación dos estudantes nas enquisas de avaliación docente (73.9% fronte o 11.21 do curso 2016/2017), así coma o incremento do grado de satisfacción deste alumnado co profesorado do título (3.36 fronte ao 2.85 do curso 2016/2017). Estes resultados son, por outra parte, acordes coa experiencia demostrada a través do número de quinquenios (64) que suma o PDI que imparte docencia no Máster, e con o número de sexenios de investigación alcanzados (35). Estes datos son altamente satisfactorios sobre todo tendo en conta que o 50% dos docentes que participan no Máster son profesorado externo (avogados) aos que nos se lles recoñecen nin quinquenios de docencia nin sexenios de investigación.

Neste senso, tamén é salientable o moderado incremento do número de PDI que participou en programas de mobilidade: 9 fronte a 6 no curso anterior. Do mesmo xeito, prodúcese un pequeno pero progresivo aumento do profesorado que participa en programas de formación (6 fronte a 5 no curso 2016/2017). Sen embargo, o porcentaxe de profesorado avaliado no programa DOCENTIA quinquenal (5.10%) é baixo posiblemente debido á recente reactivación do mesmo.

En todo caso, non podemos máis que felicitarnos polo cadro de profesorado co que conta o Máster en avogacía (Vigo e Pontevedra)

que a pesar dos escasos ou nulos recoñecementos obtidos para facer fronte á sobrecarga de traballo (docencia, investigación, xestión transferencia, etc) á que se ve sometido pola vertixinosa dinámica de funcionamento do sistema universitario, os resultados acadados son máis que satisfactorios.

Por último, debemos facer constar, un curso máis, o escaso apoio administrativo co que contou o Máster. De xeito que, como nos anos anteriores, a coordinadora e secretario víronse obrigados a ocuparse da xestión diaria do mesmo. A realización destas labores puramente administrativas réstalle capacidade á dirección do Máster para realizar outras actividades encamiñadas a mellora permanente do título que, en definitiva, debería ser o seo principal cometido.

Puntos febles detectados:

- Falta de apoio administrativo
- Baixa participación no programa de avaliación DOCENTIA

Accións de mellora a implantar:

- Reclamación de persoal de apoio administrativo por parte da Dirección do Centro
- Proponse que dende o Vicedecanato de Calidade se planifiquen accións específicas destinadas a información, asesoramento e estímulo para que o profesorado do centro que aínda non o fixo, se someta á próxima convocatoria de avaliación DOCENTIA.

Evidencias nas que se baseou valoración:

E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve
E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)
R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos (DOCENTIA)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente resultados da enquisa de satisfacción

do PAS e PDI

I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas

I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.

I8: Resultados das enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución

I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos

I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)

I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

I02-PE: Cualificación do PDI

I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio)

I03(2)-PE: Profesorado por categoría

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función

da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as. Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudiantado son os axeitados ás necesidades do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A docencia do Máster en Avogacía-Vigo impartiuse no curso 2017/2018, coma en anos anteriores, na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo durante o primeiro cuatrimestre, e no Ilustre Colexio de Avogados de Vigo no segundo cuatrimestre. Os estudantes repartíronse en dous grupos de 20 alumnos cada un. Polo que se refire ao Máster en Avogacía-Pontevedra as clases desenvolvéronse durante o primeiro cuatrimestre na sede do Colexio de Avogados e durante o segundo cuatrimestre na Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación. Neste caso houbo un único grupo conformado por 16 estudantes.

Estes Centros están equipados con computador, canón e retroproxeccionador e postos de toma de luz para cada alumno. Ademais conta con bibliotecas e salas de lectura, conexión a internet inalámbrica, sala de informática de libre acceso e consulta de bases de datos e servizo de reprografía. Para as titorías os docentes contan con despachos habilitados para ese efecto. Un curso máis tamén foi de gran utilidade, tanto para estudantes como docentes, a plataforma de teledocencia FAITIC que facilita e axústase perfectamente á dinámica de traballo do Máster.

É necesario salientar que as aulas, os espazos dedicados ao traballo autónomo (salas de informática, biblioteca, etc) e a plataforma de teledocencia foron algúns dos ítems mellor valorados polo alumnado do título.

A Xornada de acollida que se celebra todos os cursos dende a implantación do título, tivo lugar o 19 de setembro de 2017. Estivo publicitada na páxina web do Máster desde o mes de xuño. Nesta xornada informouse ao alumnado sobre o funcionamento do Máster, o profesorado, as materias, a organización, as infraestruturas e instalacións coas que se conta para o desenvolvemento do título. Recordamos aos estudantes que a Universidade de Vigo dispón de Servizo de Información, Orientación e Promoción do Estudiante. Así mesmo, aproveitamos a celebración desta primeira xuntanza para informarlles que contan con outros servizos que facilitan o apoio e orientación do alumnado unha vez matriculados: (i) Gabinete Psicopedagóxico para orientarlles e asistirlles tanto en cuestións académicas como noutras de índole persoal, (ii) Programa de Apoio á Integración do Alumnado con Necesidades Especiais.

No marco do sistema de apoio previsto para os estudantes unha vez matriculados está o Plan de Acción Titorial a través do cal o alumnado pode pór de manifesto ao seu respectivo titor/a as dúbidas, inquietudes ou aspectos mellorables na organización e coordinación do Máster. No curso 2017/2018 realizáronse tanto no Máster en Avogacía-Vigo como en Avogacía-Pontevedra catro reunións colectivas, dúas en cada cuatrimestre. Aínda que tamén se poden concertar tantas reunións individuais como sexan necesarias co/a titor/a, un ano máis ponse de manifesto que as reunións grupais son máis efectivas que as individuais xa que estas últimas apenas foron solicitadas polo alumnado.

Polo que se refire as materias de prácticas que se imparten no Máster hai que distinguir entre a materia de Prácticas Externas Básicas (6 ECTS) impartida no segundo cuatrimestre do primeiro curso, e a materia de Prácticas Externas (24 ECTS) desenvolvida no primeiro cuatrimestre do segundo curso. Tanto no Máster en Avogacía-Vigo como no de Avogacía-Pontevedra as prácticas externas básicas realizáronse, como en cursos anteriores, en diversas institucións (Concello, Deputación, Fiscalía, etc.) as que acude o alumnado organizado por quendas en pequenos grupos de 5 ou 6 membros. Estas prácticas lles permite coñecer e participar na realización dos labores de carácter xurídico que diariamente se desenvolven nas devanditas institucións.

Polo que se refire as prácticas externas do segundo curso, realízanse integramente en despachos de avogados ou asesorías xurídicas de empresas previa formalización dun convenio de prácticas no marco do Convenio de colaboración académica entre a Universidade de Vigo e os Ilustres Colexios de Avogados de Vigo e Pontevedra (http://abogaciavigo.webs.uvigo.es/images/docs/informacion/normativa/convenio_icav_uvigo.pdf; http://avogaciapontevedra.webs.uvigo.es/images/docs/informacion/normativa/convenio_icap_uvigo.pdf).

En cada despacho acollen normalmente so a un estudante. Aínda que non se dispoñen datos oficiais relativos ao grao de satisfacción do alumnado coas prácticas no curso 2017/2018, pódese deducir das memorias de prácticas elaboradas por os propios estudantes que, en xeral, a valoración é positiva ou moi positiva. De feito, a maioría dos estudantes suxiren a ampliación do número de créditos de prácticas ofertadas no título.

Puntos febles detectados:	Accións de mellora a implantar:
Evidencias nas que se baseou a valoración: E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e Extracurriculares. E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas	
Indicadores nos que se baseou a valoración: I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas I11: Nº de alumnado por centro de prácticas. I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)	

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE

Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.

Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES del título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Neste apartado imos a analizar, en primeiro lugar, o grao de satisfacción co título por parte dos diferentes colectivos que participan no Máster en avogacía. Tendo en conta a meta de calidade asociada a este ítem $\geq 3/5$, os datos evidencian un baixo grao de satisfacción dos estudantes co título. No Máster en avogacía-Vigo a pesar de que o resultado mellora sensiblemente (2.9) respecto ao obtido no curso anterior (2.8) segue a ser, claramente, insuficiente. No Máster en avogacía-Pontevedra prodúcese, pola contra, un leve descenso na puntuación (3) respecto da media obtida neste ítem no curso 2016/2017 (3.2). Os ítems peor valorados polo alumnado son a información sobre as actividades extracurriculares, as canles de participación na mellora da titulación e a coordinación entre materias. Co fin de superar estas debilidades, na Xornada de acollida que se realiza todos os cursos ampliarase a información tanto sobre as canles de participación existentes (por exemplo, a caixa de queixas, suxestións e parabéns, delegacións de alumnos, etc) coma sobre as actividades extracurriculares, fundamentalmente o que atinxe á realización das prácticas a través da FUVI. En canto á coordinación entre materias as maiores queixas do alumnado van dirixidas á denuncia da acumulación puntual de carga de traballo. Este é un aspecto que se analizará en profundidade na CAM.

Fronte a estes resultados inferiores ou moi axustados a meta de calidade, é grato comprobar como o grao de satisfacción co Máster das persoas tituladas obtén unha puntuación moi superior tanto no campus de Pontevedra (4.3) coma no campus de Vigo (3.6). Estes datos repítense curso tras curso o que nos leva a concluír que a medida que avanza o proceso formativo, prodúcese un aumento significativo do grao de satisfacción co título.

Esta dinámica reproducécese na valoración dos resultados de aprendizaxe por parte destes mesmos colectivos. Mentres a valoración deste ítem por parte dos estudantes é de 3.14 sobre 5, a puntuación media outorgada polas persoas tituladas acaba no mestrado en avogacía-Pontevedra o 4.2 e no mestrado en avogacía-Vigo o 4.

Estes resultados son, por outra parte, acordes coa taxa de éxito global do título que no curso 2017/2018 alcanzou practicamente o 100%. Se descendemos ao exame do panel de indicadores por materia pódese comprobar como a taxa de éxito, rendemento e avaliación en tódalas materias da titulación, coa excepción da materia P. Penal I (98%) e a materia TFM (96%), foi no curso 2017/2018 do 100%. Así mesmo, no informe de cualificación por materiaponse de manifesto que o nivel acadado polo alumnado en cada unha das 13 materias que integran o título é alto (notable e sobresaliente) e uniforme. O número de suspensos redúcese a un na materia de Práctica Penal e os NP foron dous na materia de TFM.

Puntos febles detectados:

- Escasa información proporcionada sobre as canles de participación existentes (por exemplo, a caixa de queixas, suxestións e parabéns, delegacións de alumnos, etc)
- Escasa información sobre actividades extracurriculares.
- Deficiente coordinación entre materias

Accións de mellora a implantar:

- Na Xornada de acollida ampliarase a información proporcionada sobre as canles de participación existentes e sobre as actividades extracurriculares.
- Analizar na CAM as posibilidades de mellorar a coordinación entre materias.

Evidencias nas que se se baseou la valoración:

E4: Guías docentes das materias

E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de mestrado (título,titor e cualificación)

E25/: Informes de cualificación por materia

EA11: Informes de prácticas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-Análises xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción

I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)

CRITERIO 7. RESULTADOS DE SATISFACIÓN E RENDEMENTO

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se Os resultados adecúanse ás previsións e características do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Neste apartado cumpre comezar salientando os excepcionais resultados, seguindo a traxectoria dos cursos precedentes, acadados polo alumnado do Máster en Avogacía (Vigo e Pontevedra) nas taxa de rendemento (100 %), superando a meta de calidade asociada (≥ 90 %), 0% na taxa de abandono, sendo a meta de calidade asociada ≤ 15 %. Finalmente, tanto a taxa de eficiencia como de éxito sitúanse no 100% sendo a meta de calidade asociada ≥ 90 % e ≥ 95 % respectivamente.

En consonancia con estes resultados a duración medida dos estudos cumpre integramente a meta de calidade asociada. A devandita meta é de $n+1$ -onde n é o número de anos da titulación-, e o resultado alcanzado no curso 2017/2018 é, coma nos cursos anteriores, de 2 anos.

Todos estes datos, evidencian que os resultados académicos alcanzados polos estudantes do Máster en Avogacía durante o curso 2017/2018, son altamente satisfactorios.

No que atinxe aos datos de inserción laboral dos egresados/as no Máster en Avogacía o panel de indicadores do SGIC (I14), que forma parte deste informe, remítese ao Portal de Transparencia da propia Universidade no que constan os datos de todas as titulacións <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/69>

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

Indicadores:

I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico

I12: Evolución dos indicadores de resultados

Tasa de gradación

Tasa de abandono

Tasa de eficiencia

Tasa de rendemento

Tasa de éxito

Tasa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)

I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso

I14/I016-DO: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar emprego

I010-DO: Duración media dos estudos

Seguimento da titulación: Máster en Menores en situación de desprotección e conflito social

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO

Estándar: o programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar si o desenvolvemento do plan de estudos realizouse conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado

Reflexión/comentarios que Xustifiquen a valoración:

Dos criterios de valoración que se analizan neste informe os resultados aparentemente máis preocupantes son os relativos ao grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento do ensino. Neste ítem a puntuación das persoas tituladas (1,80) é francamente baixa e non se acada o valor mínimo de 3 sobre 5. Pola contra, os datos nos indican que o estudantado tiveron unha percepción moito máis positiva da organización e desenvolvemento do ensino xa que no Máster en Menores a valoración deste apartado acadou a puntuación de 3,45. Este cambio de parecer creemos que pode ter que ver coa escasa participación das persoas tituladas nas enquisas de avaliación.

Por outra banda, considérase relevante por de manifesto que o porcentaxe de ocupación real das prazas ofertadas no curso 2017/2018 por alumnado de novo ingreso procedente do proceso de prescrición foi do 100% o que supón un refrendo do título polo estudantado, que un ano máis cubre tódalas prazas do título, quedando, incluso, algúns preinscritos en lista de agarda sen poder matricularse. Así, no curso 2017/2018 o número total de matriculados foi de 25 estudantes, en concreto, 22 nacionais e 3 estranxeiros, dos cales dúas foron bolseiras da Fundación Carolina, institución que un ano máis ofertou dúas becas para cursar o noso Máster por alumnado procedente de Hispanoamérica. Estes datos son moi ben valorados dende a dirección do Título, porque supoñen, un ano máis, un refrendo da calidade do título.

Puntos débiles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que basea a valoración:

E1: Memoria vixente do título
E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora
E3: Perfil de ingreso do alumnado(graio)
E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico)
E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade
E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).
QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza

Indicadores nos que se basea a valoración:

I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescrición
I2: No caso de mestrado, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia
I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes

que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...)

I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros

I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.

I01-AC: Nota media de acceso

I01(2)-AC: Nota mínima de acceso

I02-AC: Ocupación

I03-AC: Preferencia

I03(2)-AC: Adecuación

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de intereses).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Toda a información esencial referida ao Título (Denominación, Universidade Coordinadora, Centro onde se imparte o título, número de créditos e duración do título, tipo de ensino, número de prazas de novo ingreso que se ofertan, idiomas en que se imparte o título, condicións de acceso e admisión, competencias, metodoloxía docente, procedementos de acollida e orientación dos estudantes, docencia, profesorado, normativas, etc.) atópase publicada e está accesible na páxina web do Máster (<http://mastermenores.webs.uvigo.es/ql/>).

A xestión da páxina web faise consonte cun Plan de información pública, que ten como obxectivo garantir que a información relevante do Máster universitario en Menores estea dispoñible de forma pública, accesible e actualizada para os distintos grupos de interese e que cumpra cos requisitos establecidos tanto polo propio centro, como polos programas de calidade da Universidade de Vigo e da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario Galego (ACSUG). En concreto, proporcionase información ao estudante, antes de elixir os estudos a cursar e, tamén, cando xa se matriculou no Máster. Tamén se busca a máxima transparencia e mellorar a accesibilidade dos distintos grupos de interese á información sobre o Máster.

Finalmente, faise necesario destacar que a Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, da que depende o título, posúe unha páxina web totalmente actualizada con ligazóns as web do Máster.

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II)

R1- DO0301P1: Plan operativo de información pública

QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen la valoración:

Reflexión/comentarios que xustifiquen la valoración:



**Centro certificado
FIDES-AUDIT**

A titulación impártese na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo que te dende o 23 de xullo de 2015 (Certificado número 05/15) o Certificado de Implantación do SGIC dacordo coas directrices do Programa FIDES-AUDI, vixente ata xullo do ano 2021.

Polo tanto, o SGIC da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo é unha ferramenta estratéxica básica para acadar unha mellora continua das súas titulacións.

Previamente, no marco do Programa FIDES-AUDIT, dende o ano 2007 guiouse o Centro na súa labor de integración de todas as actividades relacionadas coa Garantía da Calidade das ensinanzas, en colaboración coa Área de Apoio á Docencia e a Calidade da Universidade de Vigo, deseñaron e aprobaron o SGIC. A Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo conseguiu a Certificación FIDES-AUDIT por parte da ACSUG o 26 de abril de 2010 (Certificado número 49/2010).

No Informe de auditoría externa destácase o alto compromiso do Centro coa Xestión da Calidade e a mellora continua das ensinanzas e o axuste da documentación do SGIC aos criterios e directrices do Programa FIDES-AUDIT.

Dentro das melloras levadas a cabo. Tamén se levou a cabo destaca un proceso de reestructuración da páxina web do Centro. A web da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo engadindo unha pestana na páxina principal sobre calidade desde a que se pode acceder ao SGIC para ver todas as evidencias (Informe de Revisión do Sistema pola Dirección, Informes de seguimento das titulacións, Plans Anuais de Accións de Mellora, Informes de Coordinación, Informes Anuais do Plan de Acción Titorial, ...).

Tamén noutra pestana atópanse totalmente visibles os Resultados de Medición coas Taxas Académicas dos cursos académicos 2014/2015; 2015/2016 e 2016/2017. Ademais, tamén se expuxeron todos os datos no taboleiro de anuncios que se atopa na entrada do Decanato en exposición pública e por último, atópase toda a información na web da área de Calidade da Universidade de Vigo.

O SGIC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar as debilidades e propoñer accións de mellora, realizando un seguimento das mesmas. Neste senso, os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e utilízaos na toma de decisións e a mellora da calidade do título desenvolvéronse dacordo o establecido.

Neste compromiso de mellora da Calidade compre subliñar a labor desenvolvida pola Comisión de Calidade é pode comprobarse a súa actividade nas actas da Comisión de Calidade dispoñibles na páxina web da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo <http://fccxt.webs.uvigo.es/es/calidad/comision-de-calidad>

Pódese considerar unha fortaleza a transparencia o mostrar na páxina web da Facultade – convertida en repositorio documental do SGIC- tódolos resultados do traballo da Comisión de Garantía da Calidade e do equipo directivo, e a forma coa que a Comisión de Calidade abordou todas as cuestións que afectan o PDI e o PAS que facilitan a consecución dos obxectivos da mellora continua da Calidade.

En definitiva, pódese afirmar que no Centro existe unha cultura de Calidade consolidada, baseada na preocupación continua pola mellora da calidade, feito que confirma o deseño do SGIC o Manual de Calidade e os Procedementos ligados o SGIC.

Puntos febles detectados:	Accións de mellora a implantar:
<p>Evidencias nas que se baseou a valoración: E5: Actas das reunión celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/<u>Comisión de Garantía de Calidade</u> E10: Documentación do SGC (Política, obxectivos de calidade, manual e procedementos) E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública) E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)</p>	
<p>Indicadores nos que se baseou a valoración: I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade <u>I5: Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro</u></p>	

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Na páxina web do Máster en Menores (<http://mastermenores.webs.uvigo.es/gl/>) atópase a relación de todos os docentes que imparten docencia no Máster.

Uns datos especialmente positivos e destacables do curso 2017/2018 son, dende o noso punto de vista, os relativos ao aumento da participación dos estudantes nas enquisas de avaliación docente (48,08% fronte o 42,62% do curso 2016/2017), así coma o espectacular incremento do grado de satisfacción deste alumnado coa actividade docente do profesorado do título (4,24 fronte ao 2,85 do curso 2016/2017).

Estes resultados son, por outra parte, acordes coa experiencia demostrada a través do número de sexenios de investigación alcanzados (28). Estes datos son altamente satisfactorios. Neste senso, tamén é salientable o número de PDI que participou en programas de mobilidade:

En todo caso, non podemos máis que felicitarnos polo cadro de profesorado co que conta o Máster en Menores, de carácter multidisciplinar, o que proporciona unha ampla variedade de perspectivas de análises da materia de estudo no Máster. A pesar dos escasos ou nulos recoñecementos obtidos para facer fronte á sobrecarga de traballo (docencia, investigación, xestión transferencia, etc) á que se ve sometido pola vertixinosa dinámica de funcionamento do sistema universitario, os resultados acadados son máis que satisfactorios.

Por último, debemos facer constar, un curso máis, o escaso apoio administrativo co que contou o Máster.

De xeito que, como nos anos anteriores, a coordinadora e secretaria víronse obrigadas a ocuparse da xestión diaria do mesmo. A realización destas labores puramente administrativas réstalle capacidade á dirección do Máster para realizar outras actividades encamiñadas a mellora permanente do título que, en definitiva, debería ser o seo principal cometido.

Puntos febles detectados:

- Falta de apoio administrativo.
- Falta de información sobre a participación do profesorado do Mestrado en Menores no programa de avaliación DOCENTIA e falta de participación do profesorado no programa de avaliación DOCENTIA.

Accións de mellora a implantar:

- Reclamación de persoal de apoio administrativo por parte da Dirección do Centro.
- Non se aportan datos sobre a participación do profesorado do Mestrado en Menores no programa de avaliación DOCENTIA. Por iso, por unha banda, solicítase información ao respecto e por outra banda propónse que dende o Vicedecanato de Calidade se planifiquen accións específicas destinadas a información, asesoramento e estímulo para que o profesorado do centro que aínda non o fixo, se someta á próxima convocatoria de avaliación DOCENTIA.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve
E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)
R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos (DOCENTIA)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI

I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas

I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.

I8: Resultados das enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución

I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos

I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)

I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

I02-PE: Cualificación do PDI

I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio)

I03(2)-PE: Profesorado por categoría

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS

<p>Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as. Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudiantado son os axeitados ás necesidades do título.</p>	
<p>Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:</p> <p>A docencia do Máster en Menores impartiuse no curso 2017/2018, coma en anos anteriores, na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo. Como en anos anteriores, foron 25 os alumnos matriculados.</p> <p>O Centro está equipado con computador, canón e retroproxeccionador e postos de toma de luz para cada alumno. Ademais conta con bibliotecas e sala de lectura, conexión a internet inalámbrica, sala de informática de libre acceso e consulta de bases de datos e servizo de reprografía.</p> <p>Para as titorías os docentes contan con despachos habilitados para ese efecto. Un curso máis tamén foi de gran utilidade, tanto para estudantes como docentes, a plataforma de teledocencia FAITIC que facilita e axústase perfectamente á dinámica de traballo do Máster.</p> <p>É necesario salientar que as aulas, os espazos dedicados ao traballo autónomo (salas de informática, biblioteca, etc) e a plataforma de teledocencia foron algúns dos ítems mellor valorados polo alumnado do título (4,00).</p> <p>O acto de inauguración do curso tivo lugar o 14 de setembro de 2017. Estivo publicitada na páxina web do Máster. Neste acto informouse ao alumnado sobre o funcionamento do Máster, o profesorado, as materias, a organización, as infraestruturas instalacións coas que se conta para o desenvolvemento do título.</p> <p>No marco do sistema de apoio previsto para os estudantes unha vez matriculados está o Plan de Acción Titorial a través do cal o alumnado pode pór de manifesto as dúbidas, inquietudes ou aspectos mellorables na organización e coordinación do Máster á titora do PAT (a secretaria do Máster). No curso 2017/2018 realizouse unha reunión colectiva o 23 de febreiro de 2018. Aínda que tamén se poden concertar tantas reunións individuais como sexan necesarias coa titora do PAT.</p>	
<p>Puntos febles detectados:</p>	<p>Accións de mellora a implantar:</p>
<p>Evidencias nas que se baseou a valoración:</p> <p>E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título</p> <p>E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT</p> <p>E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e Extracurriculares.</p> <p>E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título</p> <p>E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia</p> <p>E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas</p>	
<p>Indicadores nos que se baseou a valoración:</p> <p>I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos</p> <p>I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas</p> <p>I11: Nº de alumnado por centro de prácticas.</p> <p>I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)</p>	

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE

Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.

Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES del título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Neste apartado imos a analizar, en primeiro lugar, o grao de satisfacción co título por parte dos diferentes colectivos que participan no Máster en Menores. Tendo en conta a meta de calidade asociada a este ítem está nunha escala 1-5, os datos evidencian un alto

grao de satisfacción dos estudantes co título 3,60. Os ítems peor valorados polo alumnado son a información sobre as actividades

extracurriculares (2,27), e a cantidade de prácticas realizadas nas materias da titulación (2,64). Co fin de superar a falta de información sobre as prácticas extracurriculares, no Acto de comezo do curso que se realiza todos os anos ampliárase a información

sobre as actividades extracurriculares, fundamentalmente proporcionando información sobre a Fundación UVigo. En canto á cantidade de prácticas realizadas nas materias da titulación, será unha cuestión a tratar en profundidade na CAM. Polo contrario, os ítems mellor valorados son a da atención do persoal de administración e servicios do centro (4,50), a utilidade da información sobre a titulación transmitida por outros soportes –plataformas de teledocencia, pantallas audiovisuais, ...- (4,00) e os espazos destinados ao traballo autónomo e o seu equipamento (4,00).

Fronte a estes bos resultados nunha escala de 1 a 5, o grao de satisfacción co Máster das persoas tituladas é francamente mellorable

(satisfacción xeral 2,10; utilidade da formación recibida para a carreira profesional 1,25; accesibilidade da información no portal da UVigo 1,50; e a utilidade da información para as persoas tituladas publicada no portal da UVigo 1,50). Mellora considerablemente a súa opinión sobre a cualificación do profesorado 3,50 e a súa opinión das infraestruturas e dos materiais dispoñibles 3,50. Quizais esta diferenza tan acusada na percepción dos titulados no Máster en Menores respecto dos estudantes do mesmo pode deberse á escasa participación (4 participantes) daquel colectivo nas enquisas facilitadas polos servicios informáticos.

Esta dinámica reproducése na valoración dos resultados de aprendizaxe por parte destes mesmos colectivos. Mentres a valoración deste ítem por parte dos estudantes é de 3.73 nunha escala de 1 a 5, a puntuación media outorgada polas persoas tituladas no Máster en Menores é 1,43.

Neste sentido cabe referirse á taxa de éxito global do título que no curso 2017/2018 alcanzou o 100%. Se descendemos ao exame do panel de indicadores por materia pódese comprobar como a taxa de éxito, rendemento e avaliación en tódalas materias da titulación foi no curso 2017/2018 do 100%, agás na materia do Traballo Fin de Máster 51%. Así mesmo, no informe de cualificación por materiaponse de manifesto que o nivel acadado polo alumnado en cada unha das 10 materias que integran o título é alto (notable

e sobresaliente, agás algún aprobado) e uniforme. Non hai suspensos, pero sí 17 NP na materia de TFM, debido a que a práctica totalidade do alumnado compaxina a realización do Máster coa súa actividade laboral e aínda coa preparación de oposicións, sendo

reseñable a realización das probas de maneira simultánea ás convocatorias de defensa do TFM no curso 2017/2018.

Puntos febles detectados:

- Escasa información proporcionada sobre as actividades extracurriculares.
- A cantidade de prácticas realizadas nas materias da titulación.

Accións de mellora a implantar:

- Na apertura do curso académico ampliárase a información proporcionada sobre as actividades extracurriculares.
- Analizar na CAM as posibilidades de aumentar a cantidade de prácticas realizadas nas materias da titulación.

<p>Evidencias nas que se se baseou a valoración: E4: Guías docentes das materias E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de mestrado (título,titor e cualificación) E25/: Informes de cualificación por materia EA11: Informes de prácticas</p>
<p>Indicadores nos que se baseou a valoración: I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-Análises xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)</p>

CRITERIO 7. RESULTADOS DE SATISFACIÓN E RENDEMENTO

<p>Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna. Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se Os resultados adecúanse ás previsións e características do título.</p>	
<p>Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:</p> <p>Neste apartado cumpre comezar salientando os bos resultados, seguindo a traxectoria dos cursos precedentes, acadados polo alumnado do Máster en Menores na taxa de abandono 8%, sendo a meta de calidade asociada $\leq 15\%$; a taxa de eficiencia, que sitúase nun 95%, sendo a meta de calidade asociada $\geq 90\%$; a taxa de gradación, que sitúase nun 80%, por riba da meta de calidade asociada $\geq 75\%$, así como a taxa de éxito, do 100%, sendo a meta de calidade asociada do $\geq 95\%$.</p> <p>Tódolos valores indicados sufriron un pequeno descenso respecto de cursos anteriores, agás a taxa de abandono, que mellorou significativamente respecto do curso precedente (12,50%) e a taxa de éxito, que mellorou sensiblemente, tendo en conta que alcanzouse ao 100%. En cambio, a taxa de rendemento baixou ata o 87%, por debaixo da meta de calidade asociada $\geq 90\%$ (no curso precedente foi 91%).</p> <p>En consonancia con estes resultados a duración media dos estudos cumpre integramente a meta de calidade asociada ≤ 2, ao situarse no curso 2017/2018 nun 1.68, aínda que aumentou sensiblemente respecto de cursos anteriores.</p> <p>Todos estes datos, evidencian que os resultados académicos alcanzados polos estudantes do Máster en Menores durante o curso 2017/2018, son moi satisfactorios.</p>	
<p>Puntos febles detectados:</p>	<p>Accións de mellora a implantar:</p>
<p>Evidencias nas que se baseou a valoración: E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC</p>	
<p>Indicadores: I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico I12: Evolución dos indicadores de resultados</p> <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Tasa de gradación <input type="checkbox"/> Tasa de abandono <input type="checkbox"/> Tasa de eficiencia <input type="checkbox"/> Tasa de rendemento 	

- Tasa de éxito
- Tasa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)
- I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso
- I14/I016-DO: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar emprego
- I010-DO: Duración media dos estudos

Seguimento da titulación: Mestrado en Xestión e Dirección Laboral

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO

Estándar: o programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar si o desenvolvemento do plan de estudos realizouse conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado

Reflexión/comentarios que Xustifiquen a valoración:

O programa formativo desenvolveuse con total normalidade, de conformidade coa Memoria vixente do Título e coas guías docentes de cada materia. O perfil preferente do alumnado é, como nos cursos anteriores, de persoas graduadas en Relacións Laborais e Recursos Humanos. Porén, é importante a presenza de persoas graduadas en Dereito, Ciencias Políticas e outras titulacións do eido social. Tamén aprecíase este curso académico a presenza entre o alumnado de persoas procedentes de Universidades estranxeiras que homologaron as súas titulacións.

A matrícula do Mestrado vense mantendo de xeito estable entorno a vinte novas matrículas. De feito neste curso hai 23 estudantes de novo ingreso, isto é, seis estudantes máis que o curso anterior. Isto demostra outro dato que se pon de manifesto respecto do bo grado de satisfacción do estudiantado coa actividade docente do profesorado (3,70), superior aos dos cursos anteriores, malia que o grao de satisfacción coa planificación e desenvolvemento do ensino baixou lixeiramente

Puntos débiles detectados:

- Ao tratarse dun Mestrado Interuniversitario, que se desenvolve nas tres Universidades Galegas, apreciouse a posibilidade de mellorar a coordinación entre os tres centros, para unha mellor organización da docencia.

Accións de mellora a implantar:

- A Comisión Interuniversitaria comprometeuse a explorar novas fórmulas de coordinación entre as tres Universidades co fin de mellorar a adquisición das mesmas competencias por parte do alumnado

Evidencias nas que basea a valoración:

E1: Memoria vixente do título
 E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora
 E3: Perfil de ingreso do alumnado(grao)
 E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico)
 E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade
 E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).
 QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza

Indicadores nos que se basea a valoración:

I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescrición
 I2: No caso de mestrado, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia
 I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...)
 I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros
 I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.
 I01-AC: Nota media de acceso
 I01(2)-AC: Nota mínima de acceso
 I02-AC: Ocupación
 I03-AC: Preferencia
 I03(2)-AC: Adecuación

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de intereses).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A información sobre o título é pública e facilmente accesible para todos os grupos de interese a través da web da UVIGO (uvigo.es) e da Facultade (<http://fccxt.webs.uvigo.es/es/estudios/master-en-dgl>). Con independencia da procedencia dos servizos centrais da UVIGO, fíxose un esforzo para mellorar a accesibilidade á información pública sobre o Máster a través das diferentes canles dispoñibles, por exemplo, a través da plataforma dixital da UVIGO (Faitic), así como co desenvolvemento de Xornadas de saídas profesionais para egresados e para estudantes dos últimos cursos, nos que o Máster sempre participou de forma activa a través da súa coordinadora na Universidade de Vigo. De forma destacada, o Máster conta na UVIGO cunha páxina web <http://masterlaboral.es/> que se actualiza puntualmente desde o curso académico 2013/2014, a través da que o estudantado tamén pode manifestar as súas dúbidas ou críticas, á parte de atopar o contido tradicional sobre todo o que se refire a este Título.

Na páxina web, están accesibles, entre outros, a Memoria Verificada do Título, os Informes de Seguimento e as Memorias de Calidade (plans de mellora incluídos) ademais de toda a información sobre plan de estudos, horarios, profesorado, guías docentes, prácticas, traballo fin de máster%ou2026) e publícase tamén unha guía específica do mestrado.

Ademais da web, a información transmítese a través de correos electrónicos, taboleiro de anuncios específico do mestrado, pantallas de información do centro ou directamente en reunións cos estudantes, especialmente dentro do Programa de Acción Titorial que desenvolve a propia Coordinadora.

Puntos febles detectados:

- Falta de actualización da información da páxina web do Mestrado.

Accións de mellora a implantar:

- Continuarase promovendo unha mellora da páxina web do Mestrado, a fin de que se teña en todo momento información actualizada sobre o mesmo

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II)
 R1- DO0301P1: Plan operativo de información pública
 QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción

coa web e/ou a información pública.

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen la valoración:



**Centro certificado
FIDES-AUDIT**

A titulación impártese na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo que te dende o 23 de xullo de 2015 (Certificado número 05/15) o Certificado de Implantación do SGIC dacordo coas directrices do Programa FIDES-AUDI, vixente ata xullo do ano 2021.

Polo tanto, o SGIC da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo é unha ferramenta estratéxica básica para acadar unha mellora continua das súas titulacións.

Previamente, no marco do Programa FIDES-AUDIT, dende o ano 2007 guiouse o Centro na súa labor de integración de todas as actividades relacionadas coa Garantía da Calidade das ensinanzas, en colaboración coa Área de Apoio á Docencia e a Calidade da Universidade de Vigo, deseñaron e aprobaron o SGIC. A Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo conseguiu a Certificación FIDES-AUDIT por parte da ACSUG o 26 de abril de 2010 (Certificado número 49/2010).

No Informe de auditoría externa destácase o alto compromiso do Centro coa Xestión da Calidade e a mellora continua das ensinanzas e o axuste da documentación do SGIC aos criterios e directrices do Programa FIDES-AUDIT.

Dentro das melloras levadas a cabo. Tamén se levou a cabo destaca un proceso de reestructuración da páxina web do Centro. A web da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo engadindo unha pestana na páxina principal sobre calidade desde a que se pode acceder ao SGIC para ver todas as evidencias (Informe de Revisión do Sistema pola Dirección, Informes de seguimento das titulacións, Plans Anuais de Accións de Mellora, Informes de Coordinación, Informes Anuais do Plan de Acción Titorial, ...).

Tamén noutra pestana atópanse totalmente visibles os Resultados de Medición coas Taxas Académicas dos cursos académicos 2014/2015; 2015/2016 e 2016/2017. Ademais, tamén se expuxeron todos os datos no taboleiro de anuncios que se atopa na entrada do Decanato en exposición pública e por último, atópase toda a información na web da área de Calidade da Universidade de Vigo.

O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar as debilidades e propoñer accións de mellora, realizando un seguimento das mesmas. Neste senso, os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e utilízalos na toma de decisións e a mellora da calidade do título desenvolvéronse dacordo o establecido.

Neste compromiso de mellora da Calidade compre subliñar a labor desenvolvida pola Comisión de Calidade é pode comprobarse a súa actividade nas actas da Comisión de Calidade dispoñibles na páxina web da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo <http://fccxxt.webs.uvigo.es/es/calidad/comision-de-calidad>

Pódese considerar unha fortaleza a transparencia o mostrar na páxina web da Facultade – convertida en repositorio documental do SGIC- tódolos resultados do traballo da Comisión de Garantía da Calidade e do equipo directivo, e a forma coa que a Comisión de Calidade abordou todas as cuestións que afectan o PDI e o PAS que facilitan a consecución dos obxectivos da mellora continua da Calidade.

En definitiva, pódese afirmar que no Centro existe unha cultura de Calidade consolidada, baseada na preocupación continua pola mellora da calidade, feito que confirma o deseño do SGIC o Manual de Calidade e os Procedementos

ligados o SGIC.	
Puntos febles detectados:	Accións de mellora a implantar:
Evidencias nas que se baseou a valoración: E5: Actas das reunións celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/ <u>Comisión de Garantía de Calidade</u> E10: Documentación do SGC (Política, obxectivos de calidade , manual e procedementos) E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública) E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)	
Indicadores nos que se baseou a valoración: I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade I5: <u>Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro</u>	

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Neste apartado compre facer referencia aos resultados referentes ao profesorado do mestrado de acordo cos indicadores do SGIC e do panel de seguimento correspondentes ao curso 2017/18. É importante salientar que a metade dos docentes son profesores con dedicación exclusiva e estable na Universidade de Vigo (aportan un total de 11 sexenios) e o outro 50%, son profesionais de alto nivel no eido das relacións laborais, tanto no ámbito público (Inspección de Traballo, INSS, TGSS, Mutuas), coma en empresas punteiras, tanto nacionais coma internacionais (Directores de Recursos Humanos e avogados ou empresas de prácticas coma CTAG, Citróen ou Seur).

Os resultados a valorar da docencia no Mestrado en Xestión e Dirección Laboral afectan ao profesorado universitario conformado por 4 titulares de universidade, 1 catedrático de universidade e 3 profesores contratados doutores. Continúa a participación deste profesorado en programas de formación nun senso similar aos cursos anteriores, e o número total de sexenios correspondentes ao mesmo descende lixeiramente fronte ao curso anterior, situándose na mesma liña que no curso 2015/16. En definitiva, valorase de forma positiva a evolución experimentada no curso 2017/18, polo Mestrado en Xestión e Dirección Laboral nos ítem avaliados.

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve

E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)

R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos (DOCENTIA)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI

I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas

I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.

I8: Resultados das enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución

I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos

I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)

I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

I02-PE: Cualificación do PDI

I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio)

I03(2)-PE: Profesorado por categoría

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS

<p>Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as. Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudiantado son os axeitados ás necesidades do título.</p>	
<p>Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:</p> <p>A Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo a Secretaría de Estudantes, composta por catro PAS conforma o apoio con contacto continuo cos estudantes do Máster. Tamén a Secretaria do Decanato e o tres conserxes da Facultade prestan apoio material aos docentes e estudantes en todo o necesario para o normal desenvolvemento da docencia (http://fccxxt.webs.uvigo.es/es/facultad/administracion-e-servizos). O servizo de matrícula e demais xestións centralizáronse recentemente en toda a UVIGO a través dun servizo de Posgrao (https://www.uvigo.gal/estudar/xestions-estudantes/matriculate/matricula-másteres) do mesmo xeito que a xestión económica e de recursos materiais que leva a cabo pola área Económica específica (http://xerencia.uvigo.es/xerencia_es/quen_somos/). Así mesmo, dispomos dunha biblioteca na Facultade e outra de Servizos Centrais (http://www.biblioteca.uvigo.es/biblioteca_gl/).</p>	
<p>Puntos febles detectados:</p>	<p>Accións de mellora a implantar:</p>
<p>Evidencias nas que se baseou a valoración:</p> <p>E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título</p> <p>E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT</p> <p>E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e Extracurriculares.</p> <p>E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título</p> <p>E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia</p> <p>E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas</p>	
<p>Indicadores nos que se baseou a valoración:</p> <p>I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos</p> <p>I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas</p> <p>I11: Nº de alumnado por centro de prácticas.</p> <p>I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)</p>	

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE

Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.

Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES del título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A taxa de rendemento no curso 2017-18 foi do 86%, observándose un repunte respecto ao curso anterior e situándose na mesma cifra que o curso 15-16.

A taxa de éxito é do 100%, do mesmo xeito que no curso anterior, dato moi satisfactorio.

A taxa de gradación descendeu respecto dos cursos anteriores, situándose nun 52,94%. Do mesmo xeito que sucede na Universidade de Santiago de Compostela e de A Coruña –trátase dun Mestrado Interuniversitario-. A razón principal desta baixa taxa de gradación está nas dificultades dalgúns estudantes para superar a materia TFM o mesmo ano que cursan o resto do Máster. As razóns desta situación son variadas, pero entre elas destaca o alto índice de inserción laboral dos alumnos matriculados no Máster na Uvigo, que en moitas ocasións acceden a postos de traballo mentres cursan o Máster, en máis dunha ocasión nas empresas nas que realizan as prácticas externas ou ben noutras empresas colaboradoras co Máster.

A taxa de abandono no curso 17-18 foi totalmente satisfactoria, do 0%, mellorando respecto dos dous cursos académicos anteriores.

A taxa de eficiencia dos titulados é tamén moi satisfactoria. Concretamente, no curso 2017-18 sitúase nun 95%, resultado similar á dos cursos precedentes.

A duración media dos estudos elevouse lixeiramente respecto dos cursos anteriores (1,48 no curso 2017-18), probablemente polo problema sinalado ao redor da defensa e superación do TFM.

Puntos febles detectados:

- Realización do TFM no mesmo curso académico no que se matricula o alumno/a no Mestrado.

Accións de mellora a implantar:

- Planificación de un curso de introdución ao TFM. Prantexamento do problema na Comisión Académica e contacto co profesorado titor de TFM para alertar acerca da situación.

Evidencias nas que se se baseou a valoración:

E4: Guías docentes das materias

E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de mestrado (título,titor e cualificación)

E25/: Informes de cualificación por materia

EA11: Informes de prácticas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-Análises xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción

I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)

CRITERIO 7. RESULTADOS DE SATISFACIÓN E RENDEMENTO

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se Os resultados adecúanse ás previsións e características do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

En relación cos resultados expostos no panel de indicadores do SGIC para o curso 2017-18, o grao de satisfacción en xeral é positivo, sendo o grao de satisfacción mais baixo o manifestado polo estudiantado (2,95), seguido do grao de satisfacción das persoas tituladas (3,63). Polo que se refire ao grao de satisfacción dos diferentes colectivos coa planificación e desenvolvemento do ensino, a valoración realizada polos distintos sectores (estudantes, profesores, persoas tituladas) é similar á exposta no apartado precedente. Isto significa que o grao de satisfacción do estudiantado é satisfactoria (2,79) e o das persoas tituladas é suficiente (promedio de 3.12).

Resulta importante destacar que a taxa de graduación ten diminuído significativamente respecto dos cursos anteriores (52,94%), debido á dificultade dalgúns estudantes para rematar o traballo fin de Mestrado. A razón desta situación está no feito de que moitos deles encontran un traballo estable nas empresas onde fan as prácticas externas do Mestrado, ou ben noutras empresas colaboradoras do Mestrado. A súa rápida inserción no mercado laboral dificulta as veces a conclusión dos estudos do Mestrado. Xa que logo, a duración media para rematar os estudos tense incrementado (1,48%).

Hai que destacar os excelentes resultados que de forma consecutiva, curso tras curso, o Mestrado obtén nos seguintes ítem:

- (i) taxa de abandono: 0% (meta de calidade \leq 15%)
- (ii) taxa de eficiencia: 95% (meta de calidade \geq 90%)
- (iv) taxa de éxito: 100% (meta de calidade \geq 95%)

En canto a taxa de graduación, que é de un 52,94% (meta de calidade \geq 75%), xa se explicaron os motivos deste descenso.

No que atinxe aos datos de inserción laboral dos egresados/as no Mestrado en Xestión e Dirección Laboral o propio panel de indicadores do SGIC (I14), que forma parte deste informe, remítese ao Portal de Transparencia da propia Universidade no que constan os datos de todas as titulacións <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/69>

Puntos febles detectados:

- Realización do TFM no mesmo curso académico no que se matricula o alumno/a no Mestrado.

Accións de mellora a implantar:

- Planificación de un curso de introdución ao TFM. Prantexamento do problema na Comisión Académica e contacto co profesorado titor de TFM para alertar acerca da situación.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

Indicadores:

I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico

I12: Evolución dos indicadores de resultados

▣ Tasa de graduación

▣ Tasa de abandono

▣ Tasa de eficiencia

▣ Tasa de rendemento

▣ Tasa de éxito

▣ Tasa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)

I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso

I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar empresa

I010-D0: Duración media dos estudos

IV. MODIFICACIÓNS NON SUSTANCIAS DAS TITULACIÓNS

Modificacións na titulación : X

**Neste epígrafe deben incluírse tantas táboas como titulacións haxa adscritas no centro*

Inclúranse as modificacións non sustanciais, que se corresponden con aqueles cambios menores que melloran a titulación e que a Universidade pode implantar como resultado do proceso de seguimento, tal e como se recolle noe "Procedemento para a solicitude de Modificacións nos Titulos Verificados de Grao e Mestrado" de ACSUG. Estas modificacións deben ser notificadas e xustificadas nos informes de seguimento e incorporadas na memoria do título cando se teña que someter a un proceso de modificación.

--

V. ESTADO DE SITUACIÓN DAS MELLORA PROPOSTAS NO(S) INFORME(S) ANTERIOR(ES)

A [aplicación de xestión documental do SGC](#) permite realizar un seguimento das mesmas

Accións de mellora Grao en RRLL e RRHH	Estado situación	Comentarios /observación
1.- Mellora das taxas de abandono –redución- e gradación –incremento-.	Realizado	A taxa de abandono da Titulación reduciuse considerablemente e a de gradación aumentou (resultados concretos no criterio 7)
2.- Mellora do grado de satisfacción dos distintos colectivos interesados, en particular, do estudiantado coa planificación e desenvolvemento do ensino	Pendente de realización	Aínda que mellorou algo compre acadar resultados máis elevados
3.- Mellorar a cualificación do profesorado	Realizado	Incremento considerable do número de doutores que imparten no Título
4.- Incidencia cos contidos na materia "Economía Laboral"	Pendente de realización	Aprobada a declaración de interese para a modificación do Título (febreiro o de 2019)
Accións de mellora Mestrado en Avogacía	Estado situación	Comentarios /observación
Acadar unha maior participación do alumnado nas enquisas de satisfacción do título.	Realizada en parte	Tivo lugar un incremento considerable da participación do alumnado nas enquisas de avaliación do profesorado pasando dunha participación do 11% no curso 2016/17 ao 73% no curso 2017/2018. En cambio, a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción co título segue a ser moi baixa sobre todo no Máster en Avogacía-Pontevedra (23%) sendo un pouco máis elevada en Avogacía-Vigo (41%)

Mellorar a información e orientación académica para a continuación dos estudos.	Realizada	O alumnado do Máster en avogacía foi convocado a Xornada sobre saídas profesionais organizada polo Decanato do Centro no curso 2017/2018 na que se ofreceu toda a información sobre as posibilidades de continuación dos estudos.
Obtención de apoio administrativo para a xestión diaria do Máster.	Non realizada	A Dirección do Centro volverá a solicitar de novo recursos humanos para a xestión do Máster

Accións de mellora Mestrado en Menores	Estado situación	Comentarios /observación
Introducir aos/ás alumnos/as en certos aspectos xurídicos básicos nas primeiras sesións de docencia presencial do Máster	Realizado	Dada a variada procedencia do estudantado do Máster (mestres, psicólogos, graduados en Dereito...), estimouse interesante que os profesores do primeiro módulo adicanse unha parte das súas sesións a introducir aos/ás alumnos/as en certos aspectos xurídicos básicos, especialmente destinados a quen non provén do ámbito xurídico, có fin de que se familiaricen cunha materia diferente das da súa titulación.
Reforzamento do Plan de Acción Titorial (PAT)	Realizado en parte	O PAT é unha ferramenta moi útil para que o estudantado poida trasladar ao mestrado as debilidades que atopan na configuración e xestión do Máster. Se trata de poder detectar problemas ou deficiencias que poidan trasladarse despois á CAM, onde poderán adoptarse as medidas oportunas para solventalas. No curso 2017/2018 realizouse unha

		soa reunión do PAT, e estímase conveniente fixar dúas reunións en cada curso académico, unha no primeiro cuatrimestre e outra no segundo cuatrimestre.
Seguimento do Traballo Fin de Máster	Pendente	Estímase preciso fixar un calendario de datas nas que os/as alumnos/as deban entregar o traballo realizado ata o momento, co fin de que a corrección polo profesorado poida desenvolverse de forma axeitada.

O seguimento da situación das accións de mellora propostas no Grao en Dereito, no Mestrado en Xestión e Dirección Laboral e no Mestrado de Dereito de Empresa poden consultarse na aplicación de xestión documental do SGIC

https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/sgic/admin/pm/accion_mejora/list

VI. LISTAXE DE (NOVAS) ACCIÓNS DE MELLORA PROPOSTAS

Toda a información relativa ás mesmas se pode consultar nos formularios de fichas que se teñen habilitado na [aplicación de xestión documental do SGC](#).

ACCIÓNS DE MELLORA PROPOSTAS DO GRAO EN DEREITO

- 1.- Incidir nos esforzos para a captación de alumnado.
- 2.- Introducción de una enquisa na páxina web para valorar o grao de satisfacción coa páxina.
- 3.- Posibilidade de acceder ao apartado de calidade da Facultade de Dereito de Vigo dende a páxina web Uvigo.
- 4.- Recomendar o profesorado a realización das enquisas en horas prácticas, dado que asiste todo o alumnado coa colaboración da empresa que realiza as enquisas.
- 5.- Análise pola Comisión de Calidade do Centro dos índices das taxas en relación coa baixada de matrículas.

ACCIÓNS DE MELLORA PROPOSTAS DO GRAO EN RELACIÓN LABORAIS E RECURSOS HUMANOS

- 1.- Subsanación do erro cando proceda a modificación del Plano de Estudos do Título.
- 2.- Celebración dunha Xornada específica sobre saídas profesionais.
- 3.- Seguir mellorando o ámbito de divulgación da Titulación, en concreto, en redes sociais pois dende fai algún tempo o perfil da titulación non se atopa activo.
- 4.- Continuar no camiño da revisión e actualización periódica e constante da páxina web.
- 5.- Seguir mellorando na estabilización, en particular, na funcionarización da plantilla de profesorado.
- 6.- Manter un plantilla de profesorado asociado cualificado, aínda que é necesario reducir o seu número.
- 7.- Reflexionar sobre os contidos e desenvolvemento do PAT para conseguir unha maior eficacia e satisfacción por parte do estudantado. Introducir cambios no PAT, incluíndo o programa Mentoring.
- 8.- Mellorar o grao de satisfacción das persoas tituladas coa Titulación.
- 9.- Reducir a duración media dos estudos.
- 10.- Seguir reducindo a taxa de abandono.
- 11.- Seguir incrementando a taxa de gradación.

ACCIONES DE MELLORA PROPOSTAS DO MESTRADO EN AVOGACÍA

- 1.- Reclamación de persoal de apoio administrativo por parte da Dirección do Centro.
- 2.- Planificación dende o Vicedecanato de Calidade de accións específicas destinadas a información, asesoramento e estímulo para que o profesorado do centro que aínda non o fixo, se someta á próxima convocatoria de avaliación DOCENTIA.
- 3.- Ampliar na Xornada de acollida a información sobre as canles de participación na mellora da titulación existentes e sobre as actividades extracurriculares.
- 4.- Analizar na CAM como se pode instrumentar a mellora da coordinación entre materias.

ACCIONES DE MELLORA PROPOSTAS DO MESTRADO EN MENORES EN SITUACIÓN DE DESPROTECCIÓN E CONFLITO SOCIAL

- 1.- Acadar unha maior participación do alumnado nas enquisas de avaliación do profesorado. Aínda que tivo lugar un incremento considerable da participación do alumnado nas enquisas de avaliación do profesorado pasando dunha participación do 42,62% no curso 2016/17 ao 48,08% no curso 2017/2018, propónse incentivar ao alumnado á participación nas enquisas de avaliación do profesorado a través da información que as devanditas enquisas teñen para a mellora do Máster.
- 2.- Proporcionar ao estudantado unha máis ampla información sobre a posibilidade de realizar actividades extracurriculares. É certo que cada ano algún/a estudante solicita á coordinación do Máster información sobre a posibilidade de realizar actividades extracurriculares. A secretaria do Máster sempre poñe en contacto aos interesados coa Fundación Uvigo, aos efectos de que o estudante poida realizar as prácticas na institución coa que a Fundación UVigo teña algún acordo, sen perxucio da posibilidade de firmar convenios puntuais con certas institucións. A mellora que se propón é explicar no acto de inauguración do Máster a posibilidade de facer prácticas extracurriculares.
- 3.- Incrementar o número de prácticas realizadas nas materias da titulación. Tendo en conta que as prácticas son importantes na formación do estudantado, estímase conveniente someter ao análises da CAM as posibilidades de aumentar a cantidade de prácticas realizadas nas materias da titulación.
- 4.- Seguimento do Traballo Fin de Máster. Estímase preciso fixar un calendario de datas nas que os/as alumnos/as deban entregar o traballo realizado ata o momento, cón fin de que a corrección polo profesorado poida desenvolverse de forma axeitada. Trátase dunha mellora pendente de realizar do curso 2016/2017.
- 5.- Reclamación de persoal de apoio administrativo por parte da Dirección do Centro.

6.- Incrementar a participación do profesorado no programa de avaliación DOCENTIA.

***ACCÍONS DE MELLORA PROPOSTAS DO MESTRADO EN XESTIÓN E DIRECCIÓN
LABORAL***

1.- Planificación de un curso de introdución ao TFM. Prantexamento do problema na Comisión Académica e contacto co profesorado titor de TFM para alertar acerca da situación.

Para unha información máis detallada das accións de mellora propostas nos Graos e nos Mestrados pode consultarse a aplicación de xestión documental do SGIC

https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/sgic/admin/pm/accion_mejora/list

VII. CONCLUSIÓNS E ACORDOS

I.1. Listaxe de asistentes á reunión de aprobación do informe final:

Almudena Bergareche Gros – Decana da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo
Alexandre Pazos Pérez – Vicedecano de Calidade da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo
Belén Fernández Docampo – Coordinadora do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos
Tamara Martínez – Coordinadora do Grao en Dereito
María Antonia Arias Martínez – Coordinadora Mestrado Avogacía
Ana María Pita Grandal – Coordinadora Mestrado en Dereito de Empresa
Nora Martínez Yañez – Coordinadora do Mestrado en Dirección e Xestión Laboral

Tras analizar toda a información previa relacionada co funcionamento do sistema de garantía / xestión de calidade e importante concluír que:

Tralo análise de toda a información previa relacionada co funcionamento do Sistema de Garantía e a Xestión da calidade, extraemos as seguintes conclusións:

En relación coa mellora e eficacia do sistema tense comprobado unha clara preocupación da Área de Calidade da UVigo pola simplificación burocrática do sistema. En particular, coa promulgación de novos procesos e unha documentación moito mais sinxela de uniforme. Non obstante, concluímos que aínda tense que traballar moito na eliminación de trámites que consideramos innecesarios ou, cando menos, demasiado complexos para o fin requirido.

Neste punto, a nivel interno somos conscientes da necesidade de seguir esforzándonos para acadar o verdadeiro peche do ciclo de mellora continua tal e como nos advertiron na auditoría. Consideramos que, en esencia, o peche de tal ciclo supón abordar necesariamente o resto das oportunidades para a mellora sinaladas polo equipo auditor.

Ademais consideramos fundamental transmitir e concienciar sobre unha cultura de calidade que sexa perceptible por todos os grupos de interese e pola propia sociedade.

En relación co estado de situación dos rexistros de calidade do sistema, se observa que hai moitas accións na fase “non comezada para ningunha titulación” polo tanto considérase oportuno elaborar un acordo para corrixir esta situación.

En relación coa identificación de dificultades relevantes na xestión da calidade, consideramos que, pese a simplificación antes aludida, a xestión das titulacións e, correlativamente, a do propio sistema, precisa de persoal con certa formación. Botamos en falta accións formativas concretas sobre cuestións específicas de xestión da calidade na universidade.

Tamén deberíamos salientar a maior dificultade de certas titulacións impartidas no noso Centro (Grao en Dereito e Máster en Avogacía) que son comúns coa Facultade de Dereito de Ourense. Consideramos (e concluimos) que debemos mellorar a coordinación destas titulacións.

Finalmente, **en relación coa necesidade de recursos** concluimos que a eliminación dos bolseiros de calidade, non é suficiente para atender ás necesidades que un Centro como o noso (6 titulacións) ten en materia de calidade.

Acórdase manter as metas fixadas nos obxectivos de Calidade da Facultade que se aplicarán no curso 2018/2019.


VIII. ANEXOS

- Anexo I: Grao en Dereito
- Anexo II: Grao en Relación Laborais e Recursos Humanos
- Anexo III: Mestrado en Avogacía
- Anexo IV: Mestrado en Menores en situación de desprotección e conflito social.
- Anexo V: Mestrado en Xestión e Dirección Laboral
- Anexo VI: Mestrado en Dereito de empresa

Anexo I: Grao en Dereito

TÁBOA 1. Nota media de acceso por modalidade de procedencia no Grao en Dereito

Titulación	Curso Académico	Modalidade de Ingreso		Nota media acceso		
			Estudio Acceso	Home	Muller	Promedio
Graduado en Dereito	2017/2018		Estudio Acceso	Home	Muller	Promedio
		Alumnado con título de bacharel ou equivalente do sistema educativo español - con probas	Bacharelato (LOE) e Selectividade. Ciencias e Tecnoloxía	7,559	8,480	8,020
			Bacharelato (LOE) e Selectividade. Humanidades e Ciencias Sociais	7,780	8,392	8,086
			Bacharelato LOMCE e ABAU. Ciencias	7,382	8,133	7,758
			Bacharelato LOMCE e ABAU. Humanidades	9,092	8,023	8,557
			Bacharelato LOMCE e ABAU. Ciencias Sociais	8,798	9,404	9,101
		Por equivalencia, homologación ou validación parcial de estudos estranxeiros	Acreditación ou credencial de homologación do título de bacharel		7,760	7,760
		Títulos oficiais de técnico superior de formación profesional	Administración: Administración e Finanzas	7,770	6,385	7,078
			Administración: Secretariado		7,300	7,300
		Alumnado con bacharelato internacional, de países do EEES e doutros con acordos internacionais	Bacharelato Internacional: Diploma de Bacharelato Internacional (BI)		8,220	8,220
Graduados Superiores	Graduado en Relacións Laborais e Recursos Humanos	7,898		7,898		
Accesos para maiores de 45 anos	Acceso para maiores de 45 anos (LOE).	6,417		6,417		




GRÁFICA 1. Nota media de acceso por modalidade de procedencia no Grao en Dereito.

TÁBOA 2. Cualificación do PDI. Profesorado por Categoría.

Titulación	Curso Académico	Categoría Laboral	Non Doutor	Sí Doutor
------------	-----------------	-------------------	------------	-----------

	Sexo	Home	Muller	Total	Home	Muller	Total	TOTAL		
Graduado en Dereito	2017/2018	Non aplicable		3	3		1	1	4	
		Profesor/a titular de escola universitaria		2	2	1		1	3	
		Catedrático/a de universidade					3	1	4	4
		Profesor/a asociado/a T3	12	7	19	4	1	5	24	
		Profesor/a titular de universidade				4	8	12	12	
		Profesor/a contratado/a doutor/a				3	9	12	12	
		Profesor/a axudante doutor/a				1	1	2	2	
		Profesor/a contratado/a interino/a	1	2	3		2	2	5	
		Profesor/a visitante		1	1				1	
		Contratado/a predoutoral Uvigo	1	1	2				2	
		Contratado/a FPU		1	1				1	
		TOTAL	14	17	31	16	23	39	70	




GRÁFICA 2. Cualificación do PDI. Profesorado por Categoría.


TÁBOA 3: Resultados de investigación de carácter académico.

Titulación	Curso Académico	Categoría Laboral	Nº Sexenios			Nº Sexenios potenciais		
			Home	Muller	Total	Home	Muller	Total
		Profesor/a titular de escola	0	0	0	0	0	0

Graduado en Dereito	2017/2018	univer.						
		Catedrático/a de universidade	11	4	15	11	5	16
		Profesor/a titular de universidade	1	10	11	8	22	30
		Profesor/a contratado/a doutor/a	4	5	9	5	17	22



GRÁFICA 3.1 Resultados de investigación de carácter académico: Número de sexenios.




GRAFICA 3.2 Resultados de investigación de carácter académico: Número de sexenios potenciais.

TÁBOA 4: Perfil de ingreso do alumnado no Grao en Dereito

Titulación	Curso Académico	Modalidade de Ingreso		Nº de ingresados		
			Estudo de Acceso	Home	Muller	Promedio
			Bacharelato (LOE) e Selectividade. Ciencias e Tecnoloxía	3	2	5

Graduado en Dereito	2017/2018	Alumnado con título de bacharel ou equivalente do sistema educativo español - con probas	Bacharelato (LOE) e Selectividade. Humanidades e Ciencias Sociais	4	4	8
			Bacharelato LOMCE e ABAU. Ciencias	1	5	6
			Bacharelato LOMCE e ABAU. Humanidades	6	9	15
			Bacharelato LOMCE e ABAU. Ciencias Sociais	9	21	30
		Por equivalencia, homologación ou validación parcial de estudos estranxeiros	Acreditación ou credencial de homologación do título de bacharel		2	2
		Títulos oficiais de técnico superior de formación profesional	Administración: Administración e Finanzas	1	2	3
			Administración: Secretariado		1	1
		Alumnado con bacharelato internacional, de países do EEES e doutros con acordos internacionais	Bacharelato Internacional: Diploma de Bacharelato Internacional (BI)		1	1
		Graduados Superiores	Graduado en Relacións Laborais e Recursos Humanos	1		1
		Accesos para maiores de 45 anos	Acceso para maiores de 45 anos (LOE).	1		1
Total			26	47	73	




GRÁFICA 4. Perfil de ingreso do alumnado no Grao en Dereito.

TÁBOA 5. Taxa de éxito, rendemento e avaliación por materia


Curso académico 2017/2018								
Titulación	Asignatura		Nº de créditos matriculados	Nº de créditos presentados	Nº de créditos superados	% Éxito	% Rto.	% Aval.
	G080602	Dereito financeiro e tributario II	24,0	18,0	18,0	100%	75%	75%
	G080504	Sistema xudicial español e proceso civil	63,0	45,0	36,0	80%	57%	71%

Grado en Dereito	G080601	Dereito do traballo e da seguridade social	27,0	9,0	9,0	100%	33%	33%
	G080991	Traballo de Fin de Grao	120,0	78,0	78,0	100%	65%	65%
	G080721	Economía española e da Unión Europea	126,0	120,0	120,0	100%	95%	95%
	G080981	Prácticas externas	6,0	6,0	6,0	100%	100%	100%
	G080924	Propiedade industrial e competencia	6,0	6,0	6,0	100%	100%	100%
	G080921	Dereito concursal	6,0	6,0	6,0	100%	100%	100%
	G080926	Dereito administrativo económico	6,0	6,0	6,0	100%	100%	100%
	G080925	Constitución económica	6,0	6,0	6,0	100%	100%	100%
	G080723	Fundamentos económicos de defensa da competencia	12,0	6,0	6,0	100%	50%	50%
	G081101	Informática: Novas tecnoloxías aplicadas ao dereito	726,0	654,0	510,0	79%	70%	90%
	G081102	Dereito: Teoría do dereito	1.107,0	936,0	828,0	88%	75%	85%
	G081103	Dereito: Dereito constitucional I	1.161,0	1.035,0	855,0	83%	74%	89%
	G081104	Dereito: Dereito romano	750,0	660,0	558,0	85%	74%	88%
	G081201	Economía: Principios de economía	732,0	672,0	510,0	76%	70%	92%
	G081202	Empresa: Fundamentos de contabilidade e finanzas	948,0	624,0	414,0	66%	44%	66%
	G081203	Dereito: Introducción ao dereito civil e dereito da persoa	774,0	642,0	504,0	79%	65%	83%
	G081205	Dereito: Dereito constitucional II	756,0	636,0	546,0	86%	72%	84%
	G081301	Historia: Historia do dereito	786,0	660,0	510,0	77%	65%	84%
	G081302	Dereito civil I. Obrigas e contratos	810,0	702,0	516,0	74%	64%	87%
	G081303	Dereito penal I	1.359,0	1.161,0	765,0	66%	56%	85%
	G081304	Dereito internacional público	1.080,0	1.008,0	846,0	84%	78%	93%
	G081401	Dereito da Unión Europea	768,0	648,0	546,0	84%	71%	84%
	G081402	Dereito administrativo I	1.017,0	891,0	828,0	93%	81%	88%
	G081403	Dereito penal II	750,0	636,0	504,0	79%	67%	85%
	G081404	Sistema xudicial español e proceso civil	1.314,0	1.197,0	828,0	69%	63%	91%
	G081501	Dereito civil II. Dereitos reais	720,0	660,0	564,0	85%	78%	92%
	G081502	Dereito civil III. Familia e sucesións	666,0	642,0	594,0	93%	89%	96%
	G081503	Dereito mercantil I	1.152,0	1.089,0	891,0	82%	77%	95%
	G081504	Dereito administrativo II	672,0	612,0	546,0	89%	81%	91%
	G081601	Dereito do traballo e da seguridade social	1.170,0	981,0	738,0	75%	63%	84%
	G081602	Dereito procesual penal	648,0	600,0	504,0	84%	78%	93%
	G081603	Dereito internacional privado	981,0	855,0	828,0	97%	84%	87%


G081701	Dereito financeiro e tributario I	1.134,0	774,0	630,0	81%	56%	68%
G081702	Dereito financeiro e tributario II	678,0	576,0	510,0	89%	75%	85%
G081991	Dereito mercantil II	642,0	618,0	546,0	88%	85%	96%
G081981	Traballo de Fin de Grao	594,0	276,0	264,0	96%	44%	46%
G081605	Prácticas externas	150,0	144,0	144,0	100%	96%	96%
G081606	Fundamentos de administración de empresas	756,0	690,0	630,0	91%	83%	91%
G081931	Macroeconomía	696,0	630,0	582,0	92%	84%	91%
G081932	Dereito concursal	228,0	228,0	228,0	100%	100%	100%
G081934	Propiedade industrial e competencia	228,0	222,0	222,0	100%	97%	97%
G081935	Responsabilidade civil da actividade empresarial e profesional	210,0	198,0	198,0	100%	94%	94%
G081936	Dereito marítimo	330,0	330,0	330,0	100%	100%	100%
G081937	Dereito do comercio internacional	360,0	360,0	360,0	100%	100%	100%
G081933	Tutela procesual do crédito	144,0	144,0	144,0	100%	100%	100%
G081941	Métodos alternativos de resolución de conflitos no ámbito empresarial	234,0	234,0	234,0	100%	100%	100%
G081942	Dereito penal de empresa	132,0	126,0	126,0	100%	95%	95%
G081944	Dereito da seguridade social	246,0	246,0	246,0	100%	100%	100%
G081945	Réxime fiscal da empresa	138,0	138,0	138,0	100%	100%	100%
G081946	Dereito administrativo económico	90,0	90,0	90,0	100%	100%	100%
G081943	Constitución económica	384,0	366,0	366,0	100%	95%	95%
G081R01	Responsabilidade penal e administrativa no ámbito financeiro-tributario	126,0	126,0	126,0	100%	100%	100%
G081947	Recoñecementos de Actividades de Grao	9,3	6,0	6,0	100%	65%	65%
G081947	Réxime xurídico da responsabilidade patrimonial da administración (contractual e extracontractual)	90,0	90,0	90,0	100%	100%	100%




GRÁFICA 5.1. Taxa de éxito, rendemento e avaliación por materia: 1º Curso do Grao en Dereito; Plan G-081.




GRÁFICA 5.2 Taxa de éxito, rendemento e avaliación por materia: 2º Curso do Grao en Dereito; Plan G-081.




GRÁFICA 5.3. Taxa de éxito, rendemento e avaliación por materia: 3º Curso do Grao en Dereito; Plan G-080.



GRÁFICA 5.4 Taxa de éxito, rendemento e avaliación por materia: 3º Curso do Grao en Dereito; Plan G-081.



GRÁFICA 5.5. Taxa de éxito, rendemento e avaliación por materia: 4º Curso do Grao en Dereito; Plan G-080.




GRÁFICA 5.6. Taxa de éxito, rendemento e avaliación por materia: 4º Curso do Grao en Dereito; Plan G-081.


TÁBOA 6. Informes de cualificación por materia

Asignatura		Non presentado	Suspense	Aprobado	Notable	Sobresaliente	Matrícula de Honra	Compensación
G080502	Dereito civil III. Familia e sucesións	2						
